

EDICIÓN PREPARADA POR:

Miguel García-Fernández · Silvia Gernadas Martínez · Aurora Ballesteros Fernández
(eds.)

As mulleres na historia de Galicia

andavira
e d i t o r a



Inclúe
CD-ROM

S.A. 2001

SEÑORES DA TERRA E DONAS DE SEU: UN ACHEGAMENTO AO FEMINISMO GALEGO

María Xosé Agra Romero

Universidade de Santiago de Compostela

Non hai dúbida de que o campo da historia foi, é, un dos focos básicos de interese e preocupación do feminismo. En particular os Estudos das mulleres (*Women's Studies*) que xurdiron ao calor do Movemento Feminista de Liberación dos anos setenta impulsaron investigacións tendentes a cuestionar, a revisar criticamente, a metodoloxía, a epistemoloxía, ás construcións das historias oficiais, converténdose nun dos campos máis vivos e ricos. Historia da muller, Historia das mulleres, Historia do Xénero¹, Historia do Movemento Feminista, son rótulos que temos que ver e contextualizar no terreo do labor crítico, reconstrutivo, xenealóxico, nos debates e achegas, inscritos na loita das propias mulleres, facéndose cos medios de interpretación e coñecemento con voz propia, fronte á imposición do silencio, da exclusión, da excepcionalidade, contra a naturalización e a falla de transmisión e de tradición, mudando de vítimas a protagonistas. Tendo en conta o marco deste *I Enccontro sobre a Historia do Xénero*, un marco interdisciplinar sobre 'As mulleres na historia de Galicia', escuso abondar en que non ousarei facer unha análise histórica, nin da historia das mulleres, nin da historia do xénero, nin da historia do feminismo en Galicia, senón a penas apuntar algúns fitos e fíos do pensamento feminista galego, -un achegamento, como se recolle no título- enxergando o feminismo como un movemento de transformación social e política, como un pensamento e teoría crítica, con varios séculos tras si, especialmente relevante dende hai máis de tres décadas, e con un carácter certamente interdisciplinar. Con todo, aproveitando este

¹ Como ben é sabido as denominacións non son indiferentes, responden a distintos enfoques con criterios metodolóxicos, epistemolóxicos e políticos diferentes, e que hai que referilas aos debates feministas no campo da historia.

foro, gustaría de comenzar introducindo unhas breves e, ao meu ver, necesarias reflexións.

1. Con voz propia: de Historias e Memorias

1.1. *Historia e memoria do movemento feminista galego*

Nunha anterior incursión miña, que remataba no ano 2005, sobre o pensamento feminista en Galicia para o *Diccionario Enciclopedia do pensamento galego*², e ao que me remito, advertía sobre as dificultades de abordar a historia do feminismo en Galicia, dificultades que tamén facía extensibles á historia das mulleres en Galicia, ou si se quer á historia do xénero, na medida en que non dispofíamos de moitas investigacións ao respecto. Desde que Carmen Blanco publicara no 1995 *O contradiscoiro das mulleres. Historia do proceso feminista*³, dez anos despois pouco se tiña avanzado e seguíamos precisando de máis traballos que permitisen unha visión más acaída da súa especificidade, da súa contribución, das súas modulacións, das súas accións e campañas, dos seus debates ideolóxicos e teóricos, poñéndoo en relación –como ben refería Carmen Blanco– cos contextos estatal e dos países onde o movemento feminista agromou e se desenvolveu. Subliñaba así mesmo que en boa parte a historia do feminismo atinxe ao pasado máis recente, o cal nos coloca na necesidade de examinalo coa debida distancia crítica, ao mesmo tempo que esixe esforzos que, aínda a día de hoxe, seguen a ser necesarios, antes de que protagonistas e documentos desaparezan⁴. Neste sentido hai que dar a benvida ás recentes publicacións que se ocupan, dende distintas ópticas e criterios, do movemento feminista galego e que son merecentes dun tratamento detido que vai máis alá do cometido destas páxinas.⁵

² A. Torres Queiruga/M. Rivas García (Coords.), Consello da Cultura Galega/Edicións Xerais de Galicia, 2008, pp. 450-475.

³ Vigo, Nigra. Na revista *Andaina* poden atoparse “10 anos do movemento feminista” (1985); “O movemento feminista en Galicia” (1989). Tanto a Revista *Andaina* como a *Festa da Palabra Silenciada*, que xa teñen superado os 25 anos de existencia, son referentes fundamentais na historia do movemento feminista.

⁴ A Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega ten como unha das súas liñas de actuación o poñer os medios para acadar un Arquivo do movemento feminista galego.

⁵ Estoume a referir a: Mónica Bar Cendón, *Feministas Galegas. Claves dunha revolución en marcha*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2010, e Elvira Fente, *Parir a liberdade. O movemento feminista en Galicia*, Santiago de Compostela, Alvarellos Editora, 2011. Ambos os dous aportan materiais e fontes importantes e recollen a voz de protagonistas do movemento feminista galego. Mónica Bar presenta o seu libro como una introdución á historia do movemento feminista en Galiza dende 1975 ata comezos do 2000, e faino, di, cunha metodoloxía plural que presenta algúns problemas, algúns sinalados na

Se, como vimos de apuntar, a historia do movemento feminista en Galiza, en xeral, está por facer, ou está facéndose, e, polo tanto, aínda queda traballo por diante para historiadores e historiadoras, o mesmo acontece cunha parcela especialmente salientable, nomeadamente, a da historia política do movemento feminista e da súa contribución á transformación social e política na transición española. Malia ser unha das transicións más estudiadas, sen embargo, tamén está por facer a historia da transición no que atinxo ao movemento feminista pois “no tiene recibido atención por parte de los historiadores y analistas de este período de la historia española. Los escasos trabajos que hay se deben al esfuerzo, casi heroico, del feminismo académico o de las propias asociaciones de mujeres”.⁶ Importa advertir ao respecto que é preciso examinar, entre outras cousas, se no feminismo galego se dá o mesmo que M^a Encarna Sanahuja sinala como modulación propia do feminismo no Estado español:

“Al contrario que en Francia e Italia, donde preocupaban sobre todo temas tales como la vida cotidiana, el cuerpo femenino o la maternidad, bajo el lema ‘lo personal es político’, en el estado español el interés se centró especialmente en el ámbito público de la política y se mantenía ligado al movimiento obrero y a la lucha por las libertades”.⁷

Sanahuja incide en que o feminismo, no Estado español, está máis ligado á oposición franquista que ao maio do 68, e que a meirande parte das mulleres que o conformaron pertencían ao espectro de esquerda. Nesta mesma liña, indica Celia Amorós:

“Los movimientos feministas en el Estado español surgieron en el espectro de la izquierda y mantuvieron con los partidos una relación compleja [...].

conversa con Nanina Santos Castroviejo, véxase “O feminismo galego e a historia por facer”, *Protexta. Revista de libros. Tempos Novos*, nº 14, primavera 2010, pp. 12-13. O libro de Elvira Fente indaga sobre o movemento feminista en Galiza desde 1975 ata 2009, adoitase neste caso unha perspectiva xornalística, recollendo 10 entrevistas no seu terceiro bloque, xulgando que constitúe unha parte especialmente importante da súa investigación. Ambos os dous textos subministran tamén unhas crónicas de gran interese. Con textos, investigación e selección de documentos a cargo de Isabel Rodríguez Mate, a Fundación Galiza Sempre edita, no 2010, *22 Documentos do Feminismo Galego*, nel se reproducen panfletos e manifestos do movemento feminista galego entre 1975 e 2003.

⁶ Carmen Martínez Ten, Pilar González y Purificación Gutiérrez (eds.), *El movimiento feminista en España en los años 70*, Madrid, Cátedra, 2009, p. 11. Véxase en particular, Mónica Threfall, “El papel transformador del movimiento de mujeres en la transición española” e Pamela Beth Radcliff, “La historia oculta y las razones de una ausencia. La integración del feminismo en las historiografías de la transición”. Sobre os debates ideolóxicos e teóricos véxanse os textos, recollidos tamén neste mesmo libro, de Celia Amorós e Amelia Valcárcel.

⁷ M^a Encarna Sanahuja, “Veinte años +2”, *Duoda. Revista d'Estudis Feministas*, nº 15, 1998, p. 82.

A su vez los partidos de izquierda vieron aparecer los grupos feministas bajo el signo de la perplejidad y de la ambivalencia. Sus reivindicaciones se les antojaban particularistas si no facciosas: perdían de vista los objetivos generales [...] y en la transición “las vindicaciones de las féminas eran percibidas como estridentes e innegociables”.⁸

Indagar, contextualizar, reflexionar sobre a especificidade do movemento feminista no Estado español e en Galicia, como movemento social e político transformador, ademais de amosarse como unha necesidade para comprendérmonos, fai parte do compromiso e responsabilidade de transmisión ás novas xeracións. Tam pouco debe esquecerse que o movemento feminista da liberación da muller parte da esixencia radical de liberdade política e de participación nos asuntos públicos, e que, para dicilo con Lidia Cirillo:

“Todos los feminismos han nacido y renacido al lado del radicalismo político y de las tendencias democráticas o revolucionarias. [...] Las razones por las que sólo en la izquierda un feminismo puede nacer y vivir se pueden fácilmente comprender. Desde el momento en que entre hombres y mujeres hay una relación de poder, puede ser contestada por lenguajes y lógicas que vuelven a poner en discusión órdenes jerárquicos. Y la diferencia principal entre la izquierda y la derecha, al menos como categorías abstractas del pensamiento y de la política, sino siempre de la realidad, es que la primera contesta a las relaciones de poder y la segunda las defiende, las conserva o desea restaurarlas. En el radicalismo político las mujeres han encontrado, así, los espacios en los que colocar sus peticiones y los lenguajes más capaces de representarlas. El feminismo ha hablado el lenguaje de la igualdad, el del movimiento para la abolición de la esclavitud, el de las tendencias protestantes democráticas o el del movimiento obrero, poniendo a los hombres en contradicción frente a sus valores y sus batallas políticas”⁹.

A historia por facer, a historia política do feminismo e da transición española, naturalmente, abrangue, aplícase, ao caso de Galicia. Requírense estudos para nos fornecer da historia e da memoria dun movemento social e político que parte dunha esixencia radical de liberdade política para as mulleres, que desafía á política tradicional, convencional, pero tamén á radical, e a súa delimitación do que é ou non ‘lexitimamente político’, que se dirixe ás súas propias bases non cuestionadas: a naturalización das relacións e os constantes e cambiantes desequilibrios de poder

⁸ Celia Amorós, “Feminismo y legitimidad democrática”, *El País*, 15/08/2009.

⁹ Lidia Cirillo, “Virtualidades pedagógicas del feminismo para la izquierda”, *Revista Internacional de Filosofía Política*, nº 25 (2005), pp. 53-54.

entre paxos e outras

entre homes e mulleres. ‘O persoal é político’ conleva á derradeira, “volver a interrogar los dominios de lo político”¹⁰.

Debates sobre a única ou a dobre militancia, sobre capitalismo e patriarcado, a producción e a reproducción, sobre a opresión común e específica das mulleres e as súas causas, sobre o matrimonio e a familia patriarcal, sobre igualdade e diferenza, por citar algúns dos más salientables, xunto co tratamento da inclusión das demandas na axenda política (divorcio, aborto, liberdade sexual, maternidade, violación, violencia machista, salarios e traballo doméstico...) fan parte das disputas ideolóxicas e teóricas que se producen no seo do feminismo e que igualmente atra-vesan ao feminismo galego. Non obstante, no feminismo galego concorren certas especificidades que cómpre documentar e analizar máis polo miúdo, como o emprego do galego e a súa contribución á normalización do mesmo, a cuestión da nación e do nacionalismo, a da ‘muller galega’, e a salientable forza e presenza na creación literaria, do feminismo literario. É preciso así mesmo rastrexar e trazar as liñas de evolución, mesmo de estancamiento ou latencia, dos posicionamentos e debates ao longo de máis de trinta anos, así como respecto da interacción coas institucións políticas e partidos políticos e da inclusión nos seus programas das demandas das mulleres, da aparición do denominado ‘feminismo de Estado ou institucional’, do feminismo académico e os novos e importantes debates que se producen nos noventa, ata chegar á Marcha Mundial de Mulleres e ao ‘movemento de movementos’, o Foro Social Mundial. En calquera caso, cómpre lembrar que tanto en relación co feminismo en xeral, como no do galego en particular, estamos nun terreo complexo, vivo e rico, plural e diverso, que pasa por distintas fases ata hoxe¹¹.

¹⁰ Dominique Fougyrollas-Schewebel, “El feminismo en la década de los setenta”, en Christine Fauré (dir.) *Enciclopedia histórica y política de las mujeres. Europa y América*, Madrid, Akal, 2010, p. 726.

¹¹ En xeral, é sabido, fálase de tres grandes etapas: Feminismo pre-moderno, o feminismo moderno, e o feminismo contemporáneo; Carmen Blanco no seu *Contradicción*, op. cit., emprega os termos: feminismo orixinario, feminismo sufraxista e feminismo da liberación da muller. En relación co feminismo galego da liberación da muller, sinala tres momentos: o de conformación (ano 1975, Ano Internacional da Muller); o de eclosión, anos setenta e comezos dos oitenta; e o de transformación que chega ata os anos noventa. Hai que engadir que, segundo algunas clasificacións, o feminismo a partir dos noventa conformaría unha ‘terceira onda’ e mesmo hai quen fala dun ‘post-feminismo’. Ademais de ter que examinarse con calma estas denominacións e a que responden, teríanse que concretar, ao fio dos debates e da propia evolución, no feminismo galego destes anos posteriores, é dicir, a partir dos noventa.

1.2. Historia e memoria das mulleres

Como dicía ao comezo, non cometerei a ousadía de meterme no campo da Historia das mulleres ou da Historia do xénero en Galicia nun Encontro no que están presentes especialistas, nin referenciar, por suposto, todas as investigacións e textos producidos dende os oitenta ata os máis recentes publicados¹². Quizais algo máis de sentido tería que abordarse desde o meu campo, o da filosofía, a historia das mulleres filósofas, das pensadoras, onde tamén nos últimos anos seguen a producirse investigacións¹³, e ben é certo que logo vou presentar un achegamento ao feminismo galego no que ao pensamento se refire. Mais, polo momento, tan só quixería incidir en que ambas as dúas historias son froito das tarefas fundamentais encetadas polo feminismo contra a naturalización das mulleres, contra a súa consideración como seres non políticos, resultado de esforzos individuais e colectivos por enfrentarse á ausencia de tradición, de memoria, á falla de transmisión, por restablecer a visibilidade das mulleres, por inserilas na historia, por tomar e escutar as súas voces e, xa que logo, assumindo os labores de reconstrución histórica e xenealóxica, fronte á parcialidade dos modelos históricos tradicionais, revisando, entre outras, as súas periodizacións, as súas consideracións sobre as fontes documentais secundarias e principais. Labores que se reflecten ben nas investigacións históricas que, dende os primeiros oitenta, se desenvolven en relación coas mulleres na historia de Galicia. Mais, compre subliñar, ao igual que dicía no caso da historia do feminismo, aínda é unha historia por facer. Seguen botándose en falta estudos, non por acaso, penso, estamos no ‘I Encontro Interdisciplinar sobre a Historia do Xénero. As mulleres na Historia de Galicia’.

Dous apuntamentos máis. O primeiro, que xa no 1983 aparecen sinaladas algunhas das eivas e, en consecuencia, das liñas de traballo a encetar:

“Tense dito sempre, sen cuestionar o tema, que a muller galega tivo un perso moi meirande na súa comunidade que as mulleres doutros pobos. Con todo, a bibliografía sobre a muller galega é mímina, coa excepción dos estudos dedicados a Emilia Pardo Bazán e a Concepción Arenal, dúas grandes defensoras dos dereitos da muller, e as obras de María Xosé Queizán.

¹² Permítaseme remitir ao meu “Feminismo”, op. cit., onde se fai unha presentación do máis salientable ata o 2005. Por outra parte, a participación neste Encontro de autoras de moi recentes textos sobre a Historia das mulleres en Galicia fai redundante que eu me refira a elas.

¹³ Véxase M^a Xosé Agra Romero, “Non é que non existiran... Pensadoras, Filósofas”, en Javier Barcia (ed.), *Fidelidade á terra. Estudos dedicados ó profesor Xosé Luís Barreiro Barreiro*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 2011, pp. 187-198.

Os datos en libros de Historia de Galicia son escasos, e nulos nas obras dedicadas ó feminismo en España.”¹⁴

Revisión dos tópicos e estereotípos sobre a ‘muller galega’, revisión e discusión que o feminismo dos comezos dos oitenta vai levar adiante sobre aqueles elementos diferenciais positivos nas relacións homes-mulleres en Galicia: ‘a muller galega forte’, o mito do matriarcado ou do patriarcado con igualdade de dereitos, a maior permisividade sexual. Escaseza de datos sobre as mulleres nos libros de Historia de Galicia e ausencia na historia do feminismo en España. Escaseza tamén de bibliografía sobre a ‘muller galega’, e vemos como só se citan con carácter de excepción Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal e María Xosé Queizán. Achámonos, xa de entrada, cunha grande ausencia, a de Rosalía de Castro que, como veremos, será tamén obxecto de reivindicación e de relectura como feminista, fronte ás tradicionais interpretacións mitificadoras, mistificadoras.

O segundo, e non por elo menos importante, conxurar a amnesia, loitar contra os efectos da falla de tradición e de transmisión, sentírmonos e sabérmonos herdeiras, supón non só reconstruír a historia senón, tamén, un sempre máis que necesario exercicio xenealóxico e de memoria. Isto é, supón rachar con que “toda mujer que consigue ir más allá del ámbito doméstico parece no haber tenido antecedentes femeninos de ningún tipo, parece ser única. [...] la ausencia de memoria o de tradición señala, a un tiempo, la dificultad de conservar y la de innovar y, por tanto, la imposibilidad de añadir algo propio al mundo, de crear sentido”¹⁵. Vallen estas verbas de Fina Birulés para chamar a atención e dar conta da importancia de recoñecer a quen nos precederon, un labor que non se circumscribe só á reconstrución histórica. Neste sentido, no ámbito galego, son salientables os traballos de Aurora Marco e Camen Blanco. Para Aurora Marco o necesario recoñecemento descansa no “pago da débeda simbólica con aquellas que nos precederon, con aquellas que nos iluminaron co seu traballo, actitudes, valores, palabras... coas palabras de muller”.¹⁶ Para Carmen Blanco é imprescindible recoñecer o valor doutras mulleres, pois “Recoñecer a memoria para volver á matriz do que somos é o único que nos pode dar forza para ser o que en verdade queremos”.¹⁷ Ambas as dúas teñen feito un

¹⁴ Carmen Pérez País, “A participación política das mulleres galegas durante a II República”, en *Encrucillada*, Vol. VII, nº 31 (1983), p. 31.

¹⁵ Fina Birulés, “Indicios y fragmentos: historia de la filosofía de las mujeres”, en Rosa Mª Rodríguez Magda (ed.), *Mujeres en la historia del pensamiento*, Barcelona, Anthropos, 1997, p. 18.

¹⁶ Aurora Marco, *Mulleres e educación en Galiza. Vida de mestras*, Sada, Edicións do Castro, 2002, p. 6.

¹⁷ Carmen Blanco, *Escritoras galegas*, Santiago de Compostela, El correo gallego. Biblioteca 114, 1992.

traballo excepcional de recuperación da memoria. E igualmente non por acaso, entón, son dousas das que máis se teñen empeñado en dar a coñecer ás silenciadas, ás represaliadas, ás guerrilleiras e ás mulleres libres.¹⁸

Seguimos precisando facer a historia das mulleres en Galicia, recuperando a memoria das mulleres, saír do descoñecemento, do anonimato, da excepcionalidade, sabernos herdeiras, que conservamos e innovamos. Nesta procura, dende o ano 2005, cubrindo un baleiro existente, comeza a circular en Internet, propiciado pola Comisión Técnica de Xénero –dende o 2007, Comisión de Igualdade– en colaboración co portal de divulgación do Consello da Cultura Galega: www.culturagalega.org, o *Álbum de Mulleres*, un centro de documentación dixital para divulgar e investigar as contribucións das mulleres á sociedade e cultura galegas.¹⁹

2. Señores da terra e donas de seu

[...]

Jamás ha dominado en mi alma la esperanza de la gloria, ni he soñado nunca con laureles que oprimiesen mi frente. Sólo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido, desde la cuna ya, el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud.

Yo, sin embargo soy libre, libre como los pájaros, como las brisas; como los árboles en el desierto y el pirata en el mar.

Libre es mi corazón, libre mi alma, y libre mi pensamiento, que se alza hasta el cielo y desciende hasta la tierra, soberbio como Luzbel y dulce como una esperanza.

Cuando los señores de la tierra me amenazan con una mirada, o quieren marcar mi frente con una mancha de oprobio, yo me río como ellos se

¹⁸ As súas achegas son abondosas, mais merecen salientarse: Aurora Marco, *Diccionario de mulleres galegas*, Vigo, A Nosa Terra, 2007; Carmen Blanco, *Alba de Mulleres*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2003, con ilustracións de Sara Rodríguez Lamas. A bibliografía sobre a memoria das mulleres medrou coa celebración do Ano da Memoria Histórica, véxanse os textos editados por *Andaina* e o Servizo Galego de Igualdade: *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*, Santiago de Compostela, 2006.

¹⁹ O *Álbum de Mulleres* está configurado por: biobibliografías (91 a día de hoxe); cartografías (Xohana Torres, María Wonenburger); Especiais (Mulleres e Teatro en Galicia, Mulleres e Mar, 8 de Marzo, Mulleres e Artes Visuais, As Letras das Mulleres; Mulleres e ciencia en Galicia; De nenas e de libros). Achega así mesmo una liña do tempo en dousas versións: unha ampla e outra reducida.

ríen y hago, en apariencia, mi iniquidad más grande que su iniquidad. En el fondo, no obstante, mi corazón es bueno; pero no acato los mandatos de mis iguales y creo que su hechura es igual a mi hechura, y que su carne es igual a mi carne.

* * *

Yo soy libre. Nada puede contener la marcha de mis pensamientos, y ellos son la ley que rige mi destino.

Rosalía de Castro: *Lieders* (1858)

Repararemos agora no pensamento feminista en Galicia, partindo do anteriormente dito, isto é, que áinda hai moito por facer, botando unha ollada a súa especificidade. Non vou determe nos autores ilustrados –Feijoo, Sarmiento, Vicente do Seixo- defensores da igualdade intelectual e da educación das mulleres que, se seguimos a clasificación de Feijoo segundo Carmen Blanco, habería que englobalos baixo o pre-feminismo, para centrarme na segunda metade do século XIX, e en particular en Rosalía de Castro, deixando a Concepción Arenal e a Emilia Pardo Bazán apenas citadas. En todo caso, tanto no que aos ilustrados se refire como no destas dúas autoras, remito ao meu anterior escrito.²⁰ Interésame demorarme en Rosalía de Castro por varias razóns. A primeira, como vimos antes, porque Rosalía de Castro non aparece citada como pioneira feminista en Galicia e no feminismo literario na península ibérica. Na altura do ano 2010 achámonos con significativos textos que reflexionan sobre a ocultación, sobre a ‘estranxeiría’ das escritoras galegas, sobre a necesidade de ‘actualizar a Rosalía’. No estudo da emerxencia do feminismo no século XIX galego ou español, sinala María Pilar García Negro no seu más recente libro, elocuentemente titulado *O clamor da rebeldía*, no que se fai unha documentada defensa de Rosalía de Castro como inaugadora do ensaio na literatura galega e como pioneira feminista:

“Hai dúas citas canónicas imprescindíbeis: Concepción Arenal (Ferrol, 1820-Vigo, 1893) e Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851-1921). Entre estas dúas galegas, por incríbel que pareza, é corrente que naufrague a mencción da escritora, Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837- Padrán, 1885), que vai cargar no seu haber con todas as rupturas posíbeis e practicábeis no tempo por ela vivido. Padece, pertencendo á xeración in-

+
KM

²⁰ “Feminismo”, op. cit., . Véxanse tamén no *Álbum de Mulleres. A bibliografía sobre Concepción Arenal e sobre a Pardo Bazán viuse así mesmo incrementada nestes últimos anos.*

termedia das mencionadas, unha sorte de *vaporización* que non podemos atribuír á casualidade [...]”²¹.

Vaporización xunto con interpretacións de Rosalía de Castro que carecen de base, tanto no que atinxe a súa biografía como á súa obra, que teñen que ser cuestionadas, e que, en consecuencia, levantan novas relecturas. García Negro preséntanola -incidindo nas personalidades diferenciadas das tres e no seu diferente papel como mulleres públicas- como “apoteose rupturista da nova muller e da nova Galiza”; a Concepción Arenal como “lúcida reformista moderada”, e a Emilia Pardo Bazán “como unha intelectual orgánica da Restauración, feminista individualista”, facendo fincapé no sarcasmo da ocultación de quen “máis alá foi na súa radicalidade filosófico-feminista”.

María Reimández, enfrentando a(s) violencia(s) invisible(s) que sofren as escritoras, facéndoas sentirse desterradas, estranjeiras, áinda a día de hoxe, no sistema literario galego, afirma en “Extranjera en su patria. El destierro de las escritoras gallegas” que: “La historia literaria patriarcal nos ha acostumbrado a interesantes trucos de magia: increíbles desapariciones de mujeres ilustres en todos los campos. Pero igualmente preocupante es el proceso por el cual estas mujeres permanecen en los cánones. Rosalía de Castro es un ejemplo perfecto de este fenómeno a gran escala y debe hacernos reflexionar y activar nuestras alarmas también en el presente.”²² Quérese remarcar a apropiación de Rosalía de Castro, a súa canonización, a costa de facer lecturas selectivas e repetitivas, disimulando o seu contido subversivo, co obxectivo de encaixala no molde da tradición literaria e, ao tempo, evitar que outras a imiten, emitindo unha “orde de afastamento”²³. Así mesmo indica as diferenzas con Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, as outras dúas voces, di, que no contexto galego racharon coa harmonía patriarcal. De Castro foi a única que utilizou o galego e ademais tomou como un dos temas centrais a defensa

²¹ María Pilar García Negro, *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2010, Santiago de Compostela, Edicións Sotelo Blanco, 2010, p.14.

²² En, Belén Martín Lucas (ed.), *Violencias (in)visibles. Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Barcelona, Icaria, 2010, pp. 74-75.

²³ María Reimández denomina “irónicamente” «órdenes de alejamiento» aos mecanismos tácitos de expulsión, “es decir, una serie de estrategias sutiles o no tan sutiles empleadas para dar a las escritoras la sensación de que su papel es secundario y/o que no son bien recibidas en el espacio público y de definición da nación”. Mecanismos, ‘órdes de afastamento’ que ela detecta, constata, na crítica e nos medios, nos mecanismos de mediación dos textos e as autoras, na Galicia do século XXI, afirmando que “El destierro es necesario para minimizar nuestro potencial de romper los mecanismos de reproducción del significado”, *Ibidem*, p. 72.

da súa nación, “Siempre en conexión con el resto de su caleidoscópica complejidad (la situación de las mujeres, su legitimidad como escritora y la clase social)”.²⁴

A Festa da Palabra Silenciada dedica o seu nº 2 a Rosalía de Castro, 25 anos despois a revista no seu nº 26 volve ocuparse dela, agora trátase de “Actualizar a Rosalía”. María Xosé Queizán, na Editorial, da conta do que se perseguía naquel primeiro número:

“...un número relevante no seu momento ao contribuír a desvelar unha Rosalía que non só estaba agochada baixo a mirada e a conciencia patriarcal, senón confundida baixo atributos que pretendían adulor pero deformaban a importancia da súa escrita e a verdadeira vontade da autora para dala á luz. Non digo nada novo se afirmo que foi a ollada feminista sobre a súa obra a que máis contribuíu a mostralá en toda a súa grandeza”²⁵

A primeira razón, pois, é que Rosalía de Castro é unha pensadora e feminista, pioneira, rupturista, rebelde, precoz, senlleira, e polo tanto así hai que recoñecela na historia do feminismo galego, español e universal. Con todo, se ben a nosa autora sobrancea no século XIX, non está soa, pois tamén na segunda metade deste século, entre 1860 e 1870, como se ven de documentar²⁶, arredor de vinte mulleres participan publicamente, escriben en prensa, prodúcese obra literaria de autoría feminina, constátase a polémica feminista en Ateneos e Liceos, polo que estaríamos, sen dúbida, ante unha etapa importante da historia de Galicia.

A cita de «Lieders» coa que abrimos este achegamento ao feminismo galego, texto escrito cando Rosalía de Castro tiña vinte e un anos, é ben significativo do que se quere sinalar –e xa tiña chamado a miña atención.²⁷ Mª Pilar García Negro subliña, na súa lectura, que nel aparece un suxeito feminino, asociado a unha situación ancestral negativa, que constitúe “un recital reivindicativo montado sobre un esquema dualista: a liberdade individual e o *iusfeminismo* confrontados aos poderes dominantes («los señores de la tierra»)”. E incide no seu desafío:

“Existe, naturalmente, un *mot-clé* ben significativo: «pensamiento». O desafío é dobre: que un eu feminino declare non acatar os mandatos dos seus iguais supón quebrar toda a arquitectura xerárquica de tipo social e, tamén, de tipo sexual; que ese mesmo eu declare a liberdade ideolóxica absoluta

²⁴ *Ibidem*, p. 74-75.

²⁵ *Festa da Palabra Silenciada*, nº 26, 2010, p. 3.

²⁶ Celia Armas García, *A mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, Santiago de Compostela, Laioveneto, 2002.

²⁷ A este texto xa aludía o título do apartado, no meu artigo antes citado: “Señores da terra e filas do mar: o feminismo de Rosalía de Castro”

atenta directamente contra todo dirixismo de tipo moral, relixioso ou político: supón a monarquía absoluta da propia conciencia individual: «Yo soy libre. Nada puede contener la marcha de mis pensamientos, y ellos son la ley que rige mi destino».²⁸

Desde esta perspectiva Rosalía de Castro fai unha autoafirmación radical. E non debe pasarse por alto a referencia a Luzbel, o anxo rebelde, pois como sostén García Negro -para quen o feminismo é principio organizador de toda a súa obra-, “reforza a insubmisión á ortodoxia e a toda a tradición bíblico-eclesiástica dominante. A sentenza salta á vista: a muller só se realizará rebelándose, non aceptando autoridade ningunha superior á súa propia conciencia”.²⁹

A segunda razón, que non pode desvincellarse desta primeira, é que dende o comezo da fase de eclosión do movemento feminista galego, dende os primeiros oitenta, vaise producir unha reivindicación e revisión feminista da súa obra (C. Blanco, M^a P. García Negro, K. March, M^a X. Queizán...), pondo de relevo que *Las literatas. Carta a Eduarda*, publicada no *Almanaque de Galicia* de Lugo no 1865, é un alegato sobre a problemática social da escritora que se adianta a *Un cuarto propio* (1929) de Virginia Woolf; reivindicación e revisión que hai que contemplar, tamén, en relación co emprego e defensa do galego e coa cuestión nacional.³⁰ De aí, entón, o título deste texto “Señores da terra e donas de seu”. A rebeldía, a autoafirmación, o desafío aos señores da terra virá da man das escritoras e feministas galegas que achán en Rosalía de Castro un punto de ancoraxe e un referente simbólico, un faro,³¹ constituíndo unha rede de autoras que, como subliña María Reimández, téñense unhas a outras -como a propia Rosalía mostra nas súas dedicatorias e escritos- como referencia, no canto de acudir só á literatura dos homes como “referencia intelectual legitimada”.³² En fin, unha defensa da autoría feminina, do pensamento e da escrita; unha crítica das inxustizas que afectan ás mulleres do pobo, ás mulleres traballadoras; unha loita pola liberdade e a participa-

²⁸ O clamor da rebelta, op. cit., p. 153.

²⁹ *Ibidem*, p. 154.

³⁰ “Reivindicamos a Rosalía, primeira feminista da nación galega” foi publicado pola Comisión da Muller da AN-PG, en 1980 e logo vai ser reeditado. No ano 1985, na conmemoración do centenario da súa morte, ten lugar o *Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, que, como é ben coñecido, marcará un fito, dándose un volco ás interpretacións tradicionais.

³¹ M^a Pilar García Negro, “Historia xinocéntrica na obra de Rosalía de Castro: Foro e Faro”, en *Actualizar a Rosalía*, op. cit., pax. 14. María Reimández exprésao así: “Pero por lo menos está ahí y podemos volver a ella con otros ojos y ella a nosotras, brillando como un faro en la matria atlántica que queremos alcanzar”, op. cit., p. 78.

³² M^a Reimández, op. cit., p. 77.

ción nos asuntos públicos e políticos, na nación. Xenealoxía e desafío ao señores da terra que resoa e conecta coas loitas e os anceios de independencia, de ser donas de seu, das feministas galegas ata hoxe en día.

2.1. Ser muller en Galicia

Baixo o título “Un traballo máis. Ser muller en Galicia”, a *Revista Teima*, no seu nº 11/24 de febreiro- 3 marzo do 1977, presenta un Informe de Perfecto Conde que buscaba acercarse á realidade da muller galega dese momento:

“Fálase decote da presencia da muller na vida galega. Dinse moitas cousas. Que se é ela quen leva o peso da vida, ela quen manda, ela quen protagoniza en boa parte o vivir galego. Tense dito que houbo –e que hai, mesmo- matriarcado en Galicia. O certo é que a muller ten un peso específico na nosa realidade social e incluso na nosa mitoloxía. Protagonistas da historia galega son as labregas e as mariñeiras que tantas veces tiveron que agarra-la rabela do arado ou o remo da dorna para enche-lo valdeiro que deixou o home emigrado. Protagonistas son as mulleres que América primeiro e Europa despós levaron polos vieiros da emigración. E protagonistas son, en fin, Rosalía, a Pardo Bazán, Concepción Arenal, Hildegard e tantas outras”.³³

En efecto, sobre a ‘muller galega’ dinse moitas cousas que van na liña de outorgarlle, como xa se apuntaba na cita recollida ao comezo, un maior peso en relación coas mulleres doutros pobos. O feminismo galego, na súa etapa de eclosión, dirixe xusto os seus esforzos a amosar que na sociedade galega se dan o sexismoxia e a misoxinia, o patriarcalismo, e a tirar por terra o mito do matriarcado galego e da maior permisividade sexual, preguntándose por “quen e onde está” a muller galega, como podemos ver se formula nun dos primeiros escritos feministas: *A muller en Galicia*, tamén do 1977, de María Xosé Queizán. A cuestión da ‘muller galega forte’ e da feminización de Galicia, de que Galicia é un país feminista, vai ser obxecto de confrontación por parte dun feminismo que se caracteriza polo seu antipatriarcalismo, e así mesmo, na súa liña maioritaria, polo anticapitalismo e anticolonialismo. O sistema patriarcal está presente na sociedade galega, malia o peso meirande da muller, nomeadamente a do campo e a do mar, peso que se explica pola ausencia dos homes, no mar, na emigración. O patriarcalismo, o sexismoxia, a misoxinia, está tamén presente no pensamento galeguista, nacionalista, neste senso crítico van os artigos de Teresa Barro na Festa da Palabra Silenciada: “Machismo e galeguismo”

³³ P. 10.

(1987) e “Misoxinia e feminismo” (1989), e *A misoxinia en Pondal* (1999) de María Xosé Queizán, por citar tan só algúns³⁴.

Cómpre advertir que a preocupación pola muller galega fora formulada con anterioridade por Francisca Herrera Garrido en “A muller galega” (1916, 1921), cun enfoque tradicional e cristián da muller, onde se sostén que a verdadeira muller galega é a muller rural. Unha moi outra visión das mulleres galegas da que Rosalía de Castro reflicte nos seus escritos, nos que expresa unha posición de crítica social e política, de denuncia das inxustizas, na que, seguindo a Helena González, a vindicación artella a nación, problematizando a nación no Libro V de *Follas Novas*, e ofrecendo unha proposta:

“desde a convencida defensa das labregas e as súas experiencias, concedéndolle un lugar protagónico inédito. A vindicación artella a nación (elas arellan o nós), e deste xeito escríbese o libro fundacional nunha chave interpretativa oposta ás aventuras triunfais do heroína, concedéndolle o protagonismo á vida cotiá das mulleres anónimas de clase baixa, á súa experiencia cotiá, ao seu desexo, ao seu corpo como campo de batalla. A escritora faié cargo dos problemas sociais do seu tempo: vindicación, xustiza social, nación. E faino desde o compromiso político e a innovación formal.”³⁵

Non por acaso Francisca Herrera, sendo unha fervente rosaliana, sen embargo vai contribuír á “santificación inmobiliista” que, na segunda década do século XX, se opera sobre a persoa e a obra de De Castro³⁶.

Igual que o feminismo arremete contra os tópicos, mutilacións, lecturas selectivas, contra a mitificación e mistificación de Rosalía de Castro, amosando a súa crítica social e política, e sitúan ás mulleres traballadoras, ás mulleres do pobo, ás labregas, na súa escrita comprometida coa loita contra as inxustizas, arremete contra as visións esencialistas, naturalizadoras das mulleres galegas e tenta facerse cargo dos problemas sociais e políticos, das inxustizas, do seu tempo. Contra a presa de tópicos que configuran a visión das mulleres en Galicia, contra unha visión esencialista das mesmas, mesmo contra a idea de que a muller galega é a do campo e a do

³⁴ Permítaseme, máis unha vez, remitir ao meu artigo anteriormente citado, onde se pode atopar unha presentación das contribucións ao pensamento feminista de M^a X. Queizán, Teresa Barro e Carmen Blanco. Véxase tamén o recentemente publicado: Manuel Forcadela e Camiño Noia (coords.), *Cara a unha poética feminista. Homenaxe a María Xosé Queizán*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2011.

³⁵ Helena González Fernández, “A comunidade sen heroes, ou cando a vindicación artella a nación”, en *Actualizar a Rosalía*, op. cit., p. 7.

³⁶ M^a Pilar García Negro, *O clamor da rebeldía*, op. cit., p. 65.

mar, e contra a existencia dun “machismo atenuado”, e así argumentan Ramona Barrio e Nanina Santos en “Controversia sobre a muller galega. Trazos patriarcais do pensamento galeguista” (1988). Non hai matriarcado, nin unha esencia ou unha verdadeira muller galega, a mitificación e a mistificación da muller galega só conduce ao escurecemento das contradicións entre os sexos, non se corresponde coa realidade social das mulleres galegas. Eis a necesidade de estudos históricos, sociolóxicos –o informe citado xa os demandaba- e antropolóxicos que reflectan a realidade social e política das mulleres galegas.

Outro dos temas que son obxecto de atención e que marcan tamén ao feminismo galego é a cuestión do idioma, non só porque o galego vai ser a lingua maioritariamente empregada senón, máis en concreto, porque toma corpo unha comparación entre muller e lingua, entre a valoración social da lingua galega e a das mulleres. M^a Xosé Queizán en “A lingua galega e a muller, análise estrutural de dous feitos represivos” (1977), mantén que a diglosia e a explotación das mulleres responden a unha orde xerárquica inxusta, segundo pautas dun proceso colonizador, racista e opresor. Fai fincapé na necesidade dunha análise crítica que poña de manifiesto o desequilibrio de poder en ambos os dous casos. A muller e a lingua son problemas sociais e políticos, xa que logo, non poden quedar relegados, agochados no ámbito privado, non poden estar ausentes dos asuntos públicos e políticos. Denuncia as trampas e astucias para manter a lingua galega e ás mulleres nunha posición social secundaria, a ‘duplicidade compensatoria’ que une a actitude denigratoria coa idealizadora. Critica, así mesmo, a idea da ‘lingua materna’, rexeitando tanto a naturalización da lingua como das mulleres. No que respecta ao sexo e á lingua, entón, só cómpre abordalos politicamente e normalizalos, eliminar as xerarquías, as relacións de poder e de prestixio. En “As mulleres e os idiomas non normalizados, dúas realidades submetidas a mistificación”³⁷ M^a Pilar García Negro ven concordar e abondar nesta comparación, defendendo a necesidade da desaparición das marcas de xénero e das dos idiomas.

Ata aquí tentei amosar, como dicía, unha certa especificidade, ou modulacións do feminismo galego. Esta é só unha ollada, cumpriría un maior afondamento, tendo en conta, entre outras cousas, que en moitos outros temas, e malia desenvolverse algo máis serodiamente, partilla co movemento feminista doutros países. Ademais do impacto e as polémicas que suscita na sociedade galega³⁸, son importantes, igualmente, os debates teóricos e prácticos que se producen no propio seo

³⁷ En *Sempre en galego*, Santiago de Compostela, Edicións, Laiovento, 1993.

³⁸ E segue a suscitar, xusto neste mes de abril, o día 7, ve a luz o Manifesto pola entrada das mulleres na Real Academia Galega: “O xogo das cadeiras”, <http://xogodascadeiras.blogaliza.org/about/>.

do feminismo. Calquera achegamento que se faga ao feminismo contemporáneo, sen embargo, terá que ser feito con cautela, fuxindo, de acordo con Linda Zerilli, de fantasías retroactivas sobre a integridade das orixes políticas, xa que “Lejos de ser cohesivo en sus orígenes, el feminismo, como todos los movimientos políticos modernos (incluidas las revoluciones estadounidense y francesa), estuvo dividido desde un comienzo, escindido por las diferencias acerca de las causas o las formas de la opresión, ...”.³⁹ Agora ben, estas diferenzas, naquela altura, non comprometían, senón que partían dun punto de consenso: “el feminismo de los años setenta creía que era posible determinar una causa de la opresión de la mujer”.⁴⁰ Como no resto dos países, o feminismo galego é plural, diverso, e tamén acusará os debates que se están a producir nos noventa, sobre as distintas opresións -rompendo aquel consenso inicial-, sobre o suxeito ‘mulleres’, o impacto do feminismo postcolonial, do multiculturalismo, da teoría *queer*, da feminización da pobreza e dos fluxos migratorios.... Dito doutro xeito, aquí só tentei presentar algúns dos aspectos, ao meu xuízo, fundamentais, que non se poden soslaiar á hora de presentar o pensamento, o movemento feminista galego, neste Encontro que ten como cerne a historia do xénero, as mulleres na historia de Galicia.

3. Sen triunfalismos nin nostalxias

Non adoita haber demasiado desacordo ou polémica sobre o impacto do movemento feminista dos anos setenta, da denominada ‘segunda onda’, sobre o feminismo como un dos ‘novos’ movementos sociais, mesmo se acredita que tería sido o único dos grandes movementos do século XIX que triunfou, ou, aínda máis, que o século XX é o Século das mulleres. Agora ben, este triunfo levaría consigo, para algúns críticos, que o feminismo como movemento social e político tería chegado ao seu fin. Fin que, como indica Linda Zerilli, “responde al hecho presuntamente incontrovertible de que la discriminación que el feminismo pretendió contrarrestar es cosa del pasado. Desde esta perspectiva, la igualdad de género es un hecho legal a la espera de su plena realización social, la cual de acuerdo con la lógica del progreso histórico, es inminente”⁴¹. Para outros e outras, segue indicando, o fin do feminismo non refire ao seu trunfo senón á perda ou á nostalxia. Entre o triunfo e a perda, resulta necesario atender e coñecer, por máis que sexa controvertida, a súa historia

³⁹ L. Zerilli, *El feminismo y el abismo de la libertad*, Buenos Aires, F.C.E., 2008, p. 21.

⁴⁰ Michèle Barrett/Anne Phillips, *Desestabilizar la teoría. Debates feministas contemporáneos*, Barcelona, Paidós Género y Sociedad, 2002, p. 16.

⁴¹ Linda Zerilli, op. cit., p. 19.

política e avanzar cara un balance respecto dos seus logros e das súas derivas, tanto prácticas como teóricas, no pasado e no presente. Precisamos dispor dunha visión acaída da súa contribución á transformación das nosas sociedades. Isto está por facer en xeral, e no caso do feminismo galego tamén. Importa advertir que non é un asunto que só teña interese para as feministas. Nin é esta unha historia que só concirne a quien está nun campo determinado e acoutado de especialización ou de obxecto de estudo, é dicir, á teoría feminista, aos estudos das mulleres ou de xénero, senón que é de relevancia para todos e todas quen teórica e practicamente, quen como cidadás e ciudadáns están comprometidos en como estar ou vivir xuntos, en cómo acadar unha sociedade máis xusta.

E non é cousa do pasado.